

**Informe sobre  
a lingua  
del Eo-Navia**

**Sen fronteiras:  
galego  
de Asturias**



INFORME SOBRE A LINGUA DEL EO-NAVIA  
Colección divulgativa. Libro 1  
Primeira edición, xunio 2022

Edita  
©Axuntar, Asociación prá normalización  
del galego de Asturias  
[www.axuntar.wordpress.com](http://www.axuntar.wordpress.com)  
[axuntarasociacion@gmail.com](mailto:axuntarasociacion@gmail.com)


Deseño  
Diego Núñez

Depósito legal  
AS 02090-2022

*Ihcuac thalhtolli ye miqui  
mochi tlamantli in cemanahuac,  
total, atoyati,  
yolcame, cuauhtin ihuan xihuitl  
ayocmo nemililoh, ayocmo tenehualoh,  
tlachializtica ihuan caquiliztica  
ayocmo nemih.*

Condo morre úa lingua  
todo lo que hai nel mundo,  
mares e ríos,  
animales e plantas,  
nin se pensan, nin pronuncian  
con atisbos e sonidos  
que non existen xa.

Miguel León-Portilla



## Introducción

Este pequeno informe monográfico aborda a cuestión del idioma que se fala na comarca máis occidental de Asturias: úa variante del galego oriental encuadrada dentro del habitualmente chamado tronco galego-portugués. El sou obxectivo é clarificar el consenso científico actual, que se basea tanto na tradición dialectolóxica como nos últimos estudos desenvolvidos pola Universidad de Uviéu e argumentar el motivo por el que é importante, de cara á dignificación del idioma, utilizar úa denominación que respecte a súa tipoloxía lingüística.

Non cabe duda posible sobre a realidá plurilingüe de Asturias, unde –xunto al castellano– conviven as linguas asturiana e galega. El feito de que estas teñan variantes dialectales, con características propias (como cualquier lingua humana), non desvirtúa a súa dignidá idiomática nin impide que cada úa delas teña el sou patrón escrito sin quebrar certa unidá dentro del corpus lingüístico.

Polo que respecta á área que nos interesa, é relevante destacar –por conto indica que solo é un problema aquilo que daquéen que que lo seña– que desde sempre foi de dominio popular en todo el Principado que el que se falaba al occidente era galego; sendo a galeguidá destas nosas falas asumida por el resto de asturianos.

Deste xeito, as terras situadas en Asturias grosso modo entre os ríos Eo e Frexulfe (nel concello de Navia) son parte integrante del territorio lingüístico galego-portugués: os primeiros documentos en lingua romance escritos nos mosteiros destas zonas presentan un estado de lingua inequivocamente galega. Nin asturiano, nin astur-leonés, nin muito menos castellano.



## ● A zona Eo-Navia

El idioma del territorio fronteirizo entre as comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castilla-León, entre os dominios lingüísticos galego-portugués e astur-leonés, ten nel caso que nos ocupa a consideración de idioma de tipoloxía galega e, tendo en conta referencias costeiras del Principado, é común delimitalo simbolicamente como aquel que se fala entre os ríos Eo (al oeste) e Navia (al este).

Hai que aclarar que en moitos estudos se refiren al todo por úa parte, chamándolle Eo-Navia á zona asturiana galegofalante, motivo por el que habitualmente se fala da *lingua del Eo-Navia*, inda que este idioma se estende tamén por el territorio da beira esquerda del Eo –incluso nas zonas administrativamente galegas– e hai úa parte importante de zona de fala galega que tá situada al este del río Navia (pensemos nas áreas dos concellos de Navia, Villaión, Allande e Ibias).

En conxunto, según el ETLEN (*Estudiu de la Transición Llingüística na zona Eo-Navia*, Asturias ETLEN-As-01160-2017, un complexo traballo da Universidá de Uviéu), el territorio asturiano de fala galega ocupa úa superficie aproximada de 4200 quilómetros cuadrados, us 60 quilómetros de costa e 18 concellos asturianos. El número de falantes dentro deste territorio estímase que é de us 37.000.

## ● Concellos

Nel ámbito da dialectoloxía, considérase que a zona de Asturias unde se fala galego abarca os seguintes concellos: A Veiga, Boal, Castropol, Coaña, Eilao, El Franco, Grandas, Ibias, Pezós, Samartín de Ozcos, Santiso de Abres, Santalla de Ozcos, Tapia, Taramundi e Vilanova de Ozcos. A estos hai que añadir as partes occidentales de Allande, Navia e Villaión.

Mapa da área asturiana del dominio galego-portugués



## Tipo de territorio

Trátase dun territorio de carácter fundamentalmente rural, e esta idiosincrasia é de maior intensidá nel interior que na marina. A industria e os servicios sitúanse maioritariamente nos concellos costeiros e a economía das zonas interiores tá dedicada al sector primario, con úa certa implantación del turismo rural.

Podemos falar de tres áreas nel reparto da población galego falante de Asturias: a zona que ten como referencia a conca del río Eo; a comarca da conca del río Navia; e a parte sur del territorio, cos territorios galego-falantes de Allande e Ibias.

A causa da emigración existe úa población importante de orixe eonaviega repartida por toda a xeografía asturiana, sobre todo en Xixón, Uviéu e Avilés, que permite considerar que el número de falantes podería duplicar os datos estadísticos manexados habitualmente, dado que estos se refiren exclusivamente aos habitantes empadroados nos concellos de fala galega.

Que nestos concellos máis occidentales de Asturias se fala úa variedá dialectal da lingua galega, é algo acreditado –que comentaremos máis adiante– nas posiciois da dialectoloxía e polos consensos comunmente admitidos sobre este asunto nel ámbito da comunidá científica. Existen máis de cen traballos e teses que confirman a galeguidá das falas del extremo occidental asturiano. E ningún dos argumentos sobre esa científicamente demostrada galeguidá da lingua del Eo-Navia ten sido contestada por naide con argumentos de peso. As posturas discrepantes nel ámbito académico son realmente minoritarias e intentan, con intencionalidades extralingüísticas, demostrar que lo falado nesa franxa occidental de Asturias é úa ambigua «lingua de transición». Realmente ese continuum lingüístico existe a lo largo de todo el norte da Península Ibérica –quitando Euskadi– e tamén fóra dela en toda a Romania. E por supuesto, nesas zonas de transición (que X. Babarro identifica na área occidental de Asturias con certas áreas dos concellos de Navia, Villaión e Ibias) aparece lo que Lüdtke chama a «zona gris» entre linguas.

## ● Datos históricos

Se repasamos a historia, antes da ocupación romana asentáronse nas terras entre el Eo e el Navia os albiois, os cibarcos e os egobarros, úas comunidades indíxenas pertencentes ás tribus galaicas que estarían ligadas á cultura castreña del espacio referido. Con posterioridá, na época romana, esa zona pertenceu al *Conventus Lucensis* e era xustamente el río Navia a raia que separaba este convento del *Conventus Asturicensis*. As dióceses ovetense e lucense mantuveron litixios polas terras del Eo-Navia durante os séculos x, xi e xii, disputas que remataron en 1154 condo Afonso VII repartiu salomonicamente estas terras, dándolle as del oriente del Eo á diócese ovetense e as del occidente á de Lugo.

## ● Lingua romance galego-portuguesa

El romance que se formou historicamente nesta comarca eonaviega e xurdiu nos primeiros textos neolatinos foi el galego (este galego medieval denomínase habitualmente galego-portugués), precisamente na mesma zona que formara parte del *Conventus Lucensis*. Estos textos non presentan diferencias con respecto aos documentos de cualquier outro mosteiro del dominio lingüístico galego. Se botamos úa ollada á documentación del mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos, podemos decatarnos de que el latín medieval, nel que se redactaron os documentos asta mediados del século xiii, tá chen de palabras del corpus lingüístico galego-portugués e non del asturleonés, e que os documentos redactados a partir de 1250 xa tán en galego.

Precisamente un dos textos máis interesantes del Cartulario de Ozcos, e que pon de manifesto el uso da lingua galego-portuguesa dende ben cedo, é el datado nel ano 1162 nel que se documenta a venta realizada por María Vicénte al Abade D. Guillermo e á abadía de Vilanova de Ozcos de úas fincas del poblo de Zadamoño (actual concello de Eilao) por el precio de un boi e cen soldos. Neste fragmento, pódese apreciar claramente el uso da lingua romance:

B.-A.H.N., Clero, carp. 1617, doc, n.º 2. Pergamino, 16,5 × 11 cm.

Edita: Floriano Llorente, P: «Colección... Primera serie».

*In Dey nomine, amen. Cunusçuda cousa seia a quantos esta carta viren como eu María Vicénte de Çedamona vendo a vos abbade don Guillermo de Santa María de Villa Nova d´Oscos e ao convento desse miismo lugar quanta herdade eu aio et debo por aver en Çedamona por preço que a min e a vos ben prougo, convén a saber: hun boy boon e çen soldos, preço que a min e a vos ben prougo, do qual preço me outorgo por ben pagada e se mays val doo por Deus e por minna alma e de meus partes. E de este día en deante seia tirada de nosso poder e seia metuda enno vosso e no do moestero e se alguén da minna parte ou da alea contra esta vençón e contra esta doaçón veer, aia a maldiçón de Deus e a minna e con Iudas eno inferno iasca por sempre e aa voz del rey peyte çen morabetinos e dobre ao moestero a herdade e a carta valla por senpre.*

*Feyta a carta en Gyo, era de Mill e CC anos. Reynante rey don Fernando en Castella e en Galiça. Martinus episcopus in Ovedo. Alvar Rodríguez tenente Asturias. Testemoyas que presentes foron: Lopo Suárez, cf.; fillo de Pay Pérez de Nava; Roderigo Roderíguez, dicto Farfón; Miguel Románez, ts.; Domingo Románez, ts.; Polay Vermúdez de Gimaga, ts.; Pero Pérez, dicto Pechoz de Çedamona, ts. Petrus (S) notuyt.*

(Sacado del libro *Colección diplomática del Monasterio de Santa María de Villanueva de Oscos (1139-1300)*, de José A. Álvarez Castrillón).

Del periodo medieval da institución conocemos 616 documentos: 32 del século XII, 261 del século XIII, 224 del século XIV e 99 del século XV. Son a máis grande colección diplomática asturiana del medioevo, excluindo as coleccións dos mosterios ovetenses de San Pelayo, San Vicente de Uviéu e da Catedral.

Destacan varias edicións deste *Cartulario*:

- 1 A feita por Floriano Llorente en 1981, mui completa, con referencias toponímicas e que chega asta el ano 1200.
- 2 Pedro Floriano Llorente publica na *Revista Britonia*, núm. 2 (1995-96, p. 9) *Revista de Estudos da Terra Navia-Eo da Mesa prá Defensa*



27 del 6 de 1153.  
 Onega Ramírez dona  
 ao abade Guillermo  
 e al convento  
 de Santa María  
 de Vilanova a súa  
 herdade en Gío

del Galego de Asturias, a recopilación «Colección diplomática del monasterio de Villanueva de Oscos (Segunda serie-Siglo XIII)», con documentos de 1202 a 1253.


- 3 Luís Casteleiro Oliveros publica na *Revista Britonia* núm. 2 *Revista de Estudos da Terra Navia-Eo*, (1995-1996, p. 117), «Algunas reflexiones sobre el infinitivo conjugado en los documentos del Monasterio de Villanueva de Oscos».
- 4 José Antonio Álvarez Castrillón publicou nel ano 2011 a edición máis completa del cartulario de Oscos asta hoi, *Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Villanueva de Oscos (1139-1300)*. Ofrece muita luz sobre a orixe e evolución da nosa lingua.

## ● Percepción dos falantes

A *III Encuesta Sociolingüística del Navia-Eo*, feita –por encargo da Academia de la Llingua Asturiana– por el politólogo Francisco J. Llera Ramo e presentada en xunio de 2021 na Caridá ante un público de 15 persoas, afirma que dous de cada tres eonaviegos maiores de 16 años (63,1%) tein como primeira lingua a da súa infancia: a Fala Eonaviega (glotónimo inédito en todos os estudos anteriores) ben en solitario (46,3%), ou xunto coel castellano (16,8%). (*Gráfico 1*)

Pero faise constar que hai tres décadas eran tres de cada cuatro (75%) os que tían en exclusiva el galego como primeira lingua, por lo que se observa un claro retroceso de nada máis e nada menos que de 29 puntos. Os títulos da enquisa e lo que se transmite a través da prensa é, inexplicablemente, que hai un «retroceso interxeneracional contido».

**Gráfico 1** Primeira lingua da infancia nel Navia-Eo




[Fonte: *III Encuesta Sociolingüística del Navia-Eo* (Llera Ramo, 2021). Academia de la Llingua asturiana]

Nesta última enquisa a pesar da política implantada desde hai máis de 20 anos pra favorecer a divulgación del glotónimo «fala» e transmitir incertidumbre sobre a identidade lingüística del territorio resulta evidente que hai úa conciencia íntima maioritaria da existencia de

características propias da lingua galega nel idioma, de xeito que dous de cada tres (64%) habitantes del Eo-Navia dicen que a fala da zona (cualquera que esta seña, parecen decir nel informe) é úa mezcla de galego e asturiano, e pra un 13% é úa variante del galego. A desinformación del falante é tal que incluso un 8% considera a lingua como úa variante del asturiano. (*Gráfico 2*)

**Gráfico 2** Características da fala da zona en relación a Asturias e Galicia



[Fonte: *III Encuesta Sociolingüística del Navia-Eo* (Llera Ramo, 2021). Academia de la Llingua asturiana]

Neste traballo sociolingüístico mestúrase política lingüística e secesionismo territorial, estigmatízase e faise un problema da realidade lingüística del territorio e, en vez de normalizar e incrementar con educación e pedagogía a conciencia lingüística dos falantes desta parte de Asturias, lo que se fai é empuxalos a autocuestionarse e levalos a un estado de «disforia» permanente na que se contrapon, desde el exterior e desde a capitalidá política, a súa identidá asturiana coel sou idioma propio.



El resultado é minorizar inda máis a lingua en peligro de desaparecer, chegando a cuestionar a asturianía de aqueles que acepten el consenso científico da galeguidá da súa fala.

## Prexuiicios lingüísticos

Os prexuiicios lingüísticos son sentimentos negativos que algúas persoas tein sobre úa lingua ou sobre os sous falantes. El prexuiicio acostumbra ir acompañado de desconocemento sobre a existencia de variedades lingüísticas, ou incluso da realidá idiomática, e provoca rechazo al atoparse con esa variante (inda que perteneza al propio idioma) ou coas distintas entonaciois que a acompañan. Esto supón que se tán puendo úas variantes dialectales ou us idiomas por encima doutros. Xuntar idioma con sentimentos de identidá é algo frecuente e tá ligado historicamente a conceptos políticos que asocian automaticamente el concepto de Estado-nación coa idea de un poble e un idioma único, inda que os prexuiicios tamén poden ser populares e darse entre os falantes de úas variedades pra cos das outras.

El concepto Estado-nación surxiu del proceso de construción del Estado moderno que creaba un novo orden social liberal que sustituíu ás antigüas monarquías feudales. Pero a utilización desfasada desos conceptos choca con lo que é normal: a diversidá lingüística que existe é úa realidá asumida en muiitos países nos que tán reconocidos varios idiomas oficiales sen que tal cousa represente ningún problema. En España mesmo son millois os falantes de linguas propias distintas del castellano, e pensar que esos idiomas non son tamén un patrimonio de todos os españoles representa un fracaso colectivo.

En Asturias, fer desta cuestión un problema e unir idioma propio con sentimientos identitarios implica introducir un debate político irreal, pois a fronteira occidental de Asturias ten case mil anos de antigüedad, sen que exista nel Eo-Navia ningúa aspiración de pertenencia a Galicia. Evidentemente eso non quer decir que a asturianidá desta comarca signifique a negación ou terxiversación da súa realidá lingüística; ben al

contrario, pasa por asumir con orgullo que a «nosa fala» é úa variedá del galego-portugués. Dito doutro xeito: convén que cultivemos el orgullo de falar galego como algo que forma parte da realidá lingüística asturiana sen entrar en controversias absurdas.

Reconocer a existencia de asturianos de fala galega é algo imprescindible nel proceso de normalización dos idiomas minorizados de Asturias se realmente se quer abordar con rigor a súa protección e garantir os deretos lingüísticos de toda a cidadanía.

## ● Glotónimos

A zona Eo-Navia caracterízase por úas falas chamadas xenericamente por algús estudiosos «gallego-asturiano», denominación acuñada por Dámaso Alonso, 1943a: 36, que é a máis usada hoi, xunto á denominación «gallego de Asturias» (Alonso, 1946, 1947).

Hai outros glotónimos de uso casi inexistente, como *astur-galaico* ou *eonaviago*. Esta última denominación foi asumida por a Academia de la Llingua Asturiana, (a pesar de que estatutariamente as súas competencias son sobre el galego-asturiano) e é a que recolle a Federación Socialista Asturiana (FSA-PSOE) na súa proposta de reforma del Estatuto, contradecindo lo establecido hai 20 anos por a *Ley 1/1998, de 23 de marzo, de uso y promoción del bable/asturiano*. A Consellería de Educación, Cultura, Política Lingüística e Turismo, núa clara estratexia de feitos consumados, asume a proposta del partido gobernante e xa solo usa el glotónimo *eonaviago*.

A aparición de tantos glotónimos é consecuencia da falta de claridá das autoridades lingüísticas asturianas, que non dudan en sacar el tema de identidá pra favorecer a súa posición negacionista nel reconecemento da filiación lingüística del idioma. El ciudadano común, que non ten por qué saber de cuestiois dialectolóxicas, interpreta a cuestión –ou fáiselle interpretala– como un dilema sobre a identidá, sobre si un asturiano/a é –ou non– asturiano/a por ter el galego como lingua propia. Eso convirte un ben cultural nun conflito político que daña a normalización da lingua.

Hai outros glotónimos populares que se cargan de connotacións despectivas pra coel propio idioma, como resulta ben evidente del uso dos termos *chapurriao* ou *fala*.

Nos últimos anos, a partir del termo descriptivo pra referirse á variedade local («na fala d'aquí, na nosa fala»), popularizouse, incluso dentro da Comunità educativa, un uso inédito da palabra *fala* como glotónimo pra fuxir das connotacións identitarias que puidesen supuer outros glotónimos coa palabra «galego».

Por eso en AXUNTAR, respectando e valorando a certeza idiomática que contempla el glotónimo de Dámaso Alonso, postulamos a denominación de galego ou de galego de Asturias pral idioma coel fin de evitar seguir nesta deriva que convirte a lingua núa fala separada del sou corpus lingüístico e que a sitúa nel camín da desaparición.

## **Verdá científica comunmente admitida. A lingua galego-portuguesa na tradición dialectolóxica**

Según el atlas lingüístico elaborado pola Universidá de Uviéu, (*Estudiu de la Transición Llingüística na zona Eo-Navia, Asturias-ET-LEN-As-01160-2017*) a tradición dialectolóxica asturiana, hispánica e románica vén clasificando esta comarca Eo-Navia como integrante del xeotipo lingüístico galego- portugués, e esa sigue sendo a opinión xeneralizada entre os lingüistas.

Por poñer úa lista que mostre a contundencia e el peso desta postura, pódese mencionar –sen ser exhaustivos– un número importante de autores e obras: Munthe (1887), Menéndez Pidal (1906), Lapesa (1942), Alonso (1943ab, 1945, 1950, 1953, 1969, 1972), García de Diego (1946), Rodríguez-Castellano (1948, 1954, 1957), Krüger (1950, 1956, 1957, 1958), Menéndez García (1950, 1951, 1963), Lázaro Carreter (1953), Zamora Vicente (1953, 1960), Catalán (1956, 1964), Alonso & García Yebra (1959), Navarro Tomás (1962), Carballo Calero (1966, 1969), Cintra (1971), Neira (1976, 1989), Muñiz (1978), Alarcos Llorach (1978, 1996), Hernández

(1980), Cano González (1980, 1987), Santamarina (1982), Fernández Rei (1982, 1985abc, 1988, 1990, 1991ab, 1992, 1994abc, 1996, 1998, 1999, 2007), García Arias (1983), García García (1983, 1989), d'Andrés (1987, 2000), García (1989), Lleal Galcerán (1990), Metzeltin & Winkelmann (1992), Siguan (1992), Meilán (1980, 1992, 1994ab, 2001), Frías Conde (1993, 1997, 1999abc, 2001ab, 2003, 2004-2005), García Moutón (1994), Walter (1994), Babarro González (1994ab, 2003), Gargallo Gil (1994, 1995, 2011, 2014), Pérez Bouza (1996), Mackenzie (1998), Cotano (2000), Metzeltin (2001), Badia i Capdevila (2002), del Moral (2002), Costas (2002, 2009), Eche-  
nique Elizondo & Sánchez Méndez (2005), García Gil (2008), Fradejas Rueda (2010), etc. A esta bibliografía temos que sumar úa tese doutoral defendida nel ano 2016 na Universidad de Uvieu por Javier Barcia López, membro de Axuntar, coel título «El gallego asturiano desde los trabajos de campo de Dámaso Alonso hasta la actualidad»; e outra tese doutoral del 2022 presentada na Universidad de Tromsø (Universidad Noruega del Ártico), pola lingüista e colaboradora de Axuntar Natalia Jardón Pérez na que describe úa serie de propiedades fonolóxicas e morfosintácticas características del galego de Asturias, algúas xa identificadas anteriormente ás que se suman outras novas que resultan definitorias del dominio lingüístico galaico-portugués.

## ● A decisión política nel contexto actual

Existen dous tipos de argumentos básicos:

- Posturas glotolóxicas, defendibles dende a lingüística.
- Posturas non glotolóxicas, defendidas con argumentos extralingüísticos (dende os prexucios ou dende a política). Neste caso solo hai us pequenos artigos, publicados dentro del paraugas da Academia de la Llingua Asturiana: Fernández Vior, 2006; Gonzalez Rodríguez & Saavedra Fernández-Combarro, 2006. Estas teses non gozan de crédito científico, según se manifesta nel propio Atlas Lingüístico publicado pola Universidad de Uviéu, pero lamentable e incomprensiblemente son a base das posturas defensoras del glotónimo *eonavięo* e da política da ALIA.

Con argumentos exclusivamente lingüísticos hai dúas teses:

- 1 **Tese da filiación galego-portuguesa.** É a tese tradicional e a maioritaria, según a cual as falas das comarcas asturianas mencionadas mostran máis proporción de trazos clasificables como galego-portugueses que como astur-leoneses. Esta tese é a consensuada pola maioría dos dialectólogos, hispanistas e romanistas.
- 2 **Tese da transición ou del contínuum.** Nela el galego da zona Eo-Navia é considerado úa variedá dialectal de transición, porque presenta úa proporción, que esta postura magnifica decindo que é significativa, de trazos astur-leoneses aunque estos non superan en ningún caso a proporción dos trazos galego-portugueses, [Cano González (1992) e García Arias (1992, 1993, 1996, 1997)].

Nestos últimos venticinco ou treinta anos –baseándose na teoría del *continuum* lingüístico entre el galego-portugués e el astur-leonés– varios lingüistas ligados á Academia de la Llingua Asturiana adoptaron outra posición sensiblemente diferente, aparecendo úa nova tese que daba a entender que a condición de falas de transición e de contínuum dialectal das falas del Eo-Navia non permitía clasificalas dentro del xeotipo astur-leonés nin dentro del xeotipo galego-portugués. Podemos chamar a esta teoría (de carácter non glotolóxico ou extralingüístico) **tese da transición excluín-te ou del contínuum excluín-te**.

Este planteamento é un exemplo de posicionamento de carácter político, secesionista da unidá del idioma, e acientífico, que trae como consecuencia a conversión del galego de Asturias núa fala local, xebrada del sou dominio lingüístico e condenada a extinguirse al quedar como un idioma fósil, esmorecido nel abandono e nel alonxamento del resto da súa propia comunidá de falantes.

Por outra parte, a tese dun galego-asturiano al mesmo nivel que el galego-portugués e que el astur-leonés implica a consideración –inviabile– dun «novo idioma romance». Os estudos científicos manifiestan claramente a falsedá desta afirmación, pero é úa posición que en Asturias se respalda institucionalmente, primeiro dun xeito velado, pero

posteriormente sin pudor e terxiversando os traballos de Dámaso Alonso e outros estudos rigorosos e acreditados.

Esta tese conduce al xa mencionado secesionismo lingüístico: el roubo, aos sous depositarios, del acervo cultural que lles pertenece. Separar un idioma del sou tronco lingüístico é a metáfora dúa cana sen zume desligada dun tronco del que nutrirse, condenada a desaparecer.

Tratar un idioma deste xeito é desaproveitar as súas posibilidades vitales. Si nel caso del asturleonés xa é un error non ter en conta el idioma como conxunto, nel caso del galego-portugués del occidente de Asturias é simplemente suicida, porque el galego-portugués é úa lingua que conta con recursos abondos como pra garantir un futuro máis esperanzador. Deste xeito, pretender implantar agora el peculiar concepto dúa lingua de carácter local, en vez de atender al sou ámbito supraprovincial, supra-comunitario e incluso supraestatal, carece de coherencia e sensatez científica e política.

A regulación del galego e a del asturiano deben evitar el cuestionamiento idiomático, darlles condición legal de idiomas oficiales propios de Asturias e solucionar os problemas derivados da súa falta de presencia digna nas instituciois públicas, como poden ser a administración de xusticia ou el sistema educativo. Evidentemente non podemos esquecer que estos nosos idiomas tán fóra dos actos sociales relevantes, fóra dos ámbitos de poder, das actividades económicas, dos medios de comunicación social, fóra de todos os lugares de prestixio e de todas as posibilidades de promoción social. Todos estos problemas compartidos coel asturiano son máis graves nel caso del galego de Asturias por el cuestionamiento da súa identidade como idioma.

Polo tanto, encontrándonos nun momento histórico decisivo en relación aos dous idiomas del Principado, el asturiano e el galego, postulamos a necesidá de outorgar a oficialidá de ambas linguas en Asturias.

Non escurezamos as súas respectivas historias nin condicionemos el futuro de ningúa delas.



AXUNTAR